



NORMATIVA DE RECOÑECEMENTO DAS PRÁCTICAS EN EMPRESAS EN TITULACIÓNS DE GRAO

Os planos de estudo do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Economía da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo contemplan a posibilidade de realizar prácticas externas extracurriculares, recoñecibles por créditos ECTS.

En relación ao ámbito normativo, o RD 1707/2011 de 18 de novembro establece a regulación das prácticas académicas externas dos estudantes universitarios a nivel nacional.

No caso da Universidade de Vigo, o marco de referencia específico ven dado polo Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado (aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012).

No punto 5º do artigo 5 dese regulamento establécese que a Universidade habilitará unha normativa específica para o recoñecemento das prácticas externas extracurriculares. Mentres non se elabora, os centros deberán establecer o seu propio mecanismo para levar a cabo o recoñecemento académico previsto nos seus planos de estudo.

A tal fin, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, fíxase o seguinte procedemento para o recoñecemento das prácticas externas extracurriculares nos estudos de grao:

1. REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

- 1.1. Segundo o establecido na Universidade de Vigo, a xestión deste tipo de prácticas corresponde á Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
- 1.2. Unha vez realizadas, a FUVI emite un informe onde, ademais de indicar as actividades realizadas polo estudante e a valoración favorable do titor asignado na empresa, especificanse as datas e horas dedicadas.

2. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS CONVALIDABLES.

- 2.1. Nos graos impartidos na Facultade pódense recoñecer 6 ou 12 ECTS por prácticas externas en empresas, a razón de 1 crédito ECTS por cada 25 horas de prácticas realizadas.
- 2.2. O estudante deberá elaborar unha memoria que, como mínimo, debe conter os puntos establecidos no artigo 14 do RD 1707/2011.
- 2.3. De querer solicitar recoñecemento por 12 ECTS, débese facer ademais unha memoria ampliada, segundo as indicacións do seu titor académico sobre contidos e presentación.
- 2.4. Para facer efectivo o recoñecemento, os estudantes deberán presentar no decanato a seguinte documentación:
 - a. O informe facilitado pola FUVI.
 - b. Informe favorable emitido polo titor/a académico conforme valida a memoria elaborada.
 - c. Adicionalmente, no caso de solicitar recoñecemento por 12 ECTS, o informe favorable do titor académico respecto á memoria ampliada.